<ul style="list-style-type: none"> <li>- Razoamento proporcional.</li> <li>- Desenvolvemento e análise de métodos para resolver problemas en situacións de proporcionalidade directa, inversa e composta en diferentes contextos (aumentos e diminucións porcentuais, rebaixas e subidas de prezos, impostos, cambios de divisas, cálculos x</li> <li>- Estimación e relacións.</li> <li>- Formulación de conxecturas sobre medidas ou relacións entre as mesmas baseadas en estimacións.</li> <li>- Estratexias para a toma de decisión xustificada do grao de precisión requirida en situacións de medida.</li> <li>- Figuras xeométricas de dúas e tres dimensións.</li> <li>- Descrición e clasificación de figuras xeométricas planas e tridimensionais e o seu uso en problemas contextualizados.</li> <li>- Visualización, razoamento e modelización xeométrica.</li> <li>- Relacións xeométricas: investigación en diversos sentidos (numérico, alxébrico, analítico) e diversos campos (arte, ciencia, vida diaria).</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
8	Movimentos no plano	9

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.1 - Modelizar situacións e resolver problemas de forma eficaz interpretando e modificando algoritmos.	O criterio diferentes grados de afondamento, o mínimo é poder levar a cabo o criterio no seu nivel de máis simple de utilización de datos e as ferramentas implicadas		
CA3.5 - Identificar conexións coherentes entre as matemáticas e outras materias recoñecendo a achega das matemáticas ao progreso da humanidade.	O criterio diferentes grados de afondamento, o mínimo é poder levar a cabo o criterio no seu nivel de máis simple de utilización de datos e as ferramentas implicadas	PE	100
CA3.6 - Representar conceptos, procedementos e resultados matemáticos usando diferentes ferramentas e valorando a súa utilidade para compartir información.	O criterio diferentes grados de afondamento, o mínimo é poder levar a cabo o criterio no seu nivel de máis simple de utilización de datos e as ferramentas implicadas		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Movementos e transformacións.</li> <li>- Análise de transformacións elementais, como xiros, translacións e simetrías en situacións diversas utilizando ferramentas tecnolóxicas e/ou manipulativas.</li> <li>- Visualización, razoamento e modelización xeométrica.</li> <li>- Relacións xeométricas: investigación en diversos sentidos (numérico, alxébrico, analítico) e diversos campos (arte, ciencia, vida diaria).</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
9	Corpos xeométricos	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Realizar conexións entre diferentes procesos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias.	O criterio diferentes grados de afondamento, o mínimo é poder levar a cabo o criterio no seu nivel de máis simple de utilización de datos e as ferramentas implicadas	PE	100
CA2.3 - Recoñecer situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real e as matemáticas e usando os procesos inherentes á investigación científica e matemática: inferir, medir, comunicar, clasificar e predicir.	O criterio diferentes grados de afondamento, o mínimo é poder levar a cabo o criterio no seu nivel de máis simple de utilización de datos e as ferramentas implicadas		
CA2.4 - Representar conceptos, procedementos e resultados matemáticos usando diferentes ferramentas e valorando a súa utilidade para compartir información.	O criterio diferentes grados de afondamento, o mínimo é poder levar a cabo o criterio no seu nivel de máis simple de utilización de datos e as ferramentas implicadas		
CA3.2 - Recoñecer e usar as relacións entre os coñecementos e as experiencias matemáticas formando un todo coherente.	O criterio diferentes grados de afondamento, o mínimo é poder levar a cabo o criterio no seu nivel de máis simple de utilización de datos e as ferramentas implicadas		
CA3.4 - Recoñecer situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real e as matemáticas e usando os procesos inherentes á investigación científica e matemática: inferir, medir, comunicar, clasificar e predicir.	O criterio diferentes grados de afondamento, o mínimo é poder levar a cabo o criterio no seu nivel de máis simple de utilización de datos e as ferramentas implicadas		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.5 - Identificar conexións coherentes entre as matemáticas e outras materias recoñecendo a achega das matemáticas ao progreso da humanidade.	O criterio diferentes grados de afondamento, o mínimo é poder levar a cabo o criterio no seu nivel de máis simple de utilización de datos e as ferramentas implicadas		
CA3.6 - Representar conceptos, procedementos e resultados matemáticos usando diferentes ferramentas e valorando a súa utilidade para compartir información.	O criterio diferentes grados de afondamento, o mínimo é poder levar a cabo o criterio no seu nivel de máis simple de utilización de datos e as ferramentas implicadas		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Medición.</li> <li>- Representación e modelización de obxectos tridimensionais para visualizar as súas propiedades e resolver problemas con eles.</li> <li>- Resolución de problemas contextualizados que impliquen o cálculo de lonxitudes, áreas, volumes e capacidades en formas planas e tridimensionais.</li> <li>- Estimación e relacións.</li> <li>- Estratexias para a toma de decisión xustificada do grao de precisión requirida en situacións de medida.</li> <li>- Figuras xeométricas de dúas e tres dimensións.</li> <li>- Descrición e clasificación de figuras xeométricas planas e tridimensionais e o seu uso en problemas contextualizados.</li> <li>- Construción de figuras xeométricas con ferramentas manipulativas e dixitais, como programas de xeometría dinámica, realidade aumentada etc.</li> <li>- Visualización, razoamento e modelización xeométrica.</li> <li>- Modelización xeométrica para representar e explicar relacións numéricas e alxébricas na resolución de problemas.</li> <li>- Relacións xeométricas: investigación en diversos sentidos (numérico, alxébrico, analítico) e diversos campos (arte, ciencia, vida diaria).</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
10	As matemáticas máis alá dos libros	18

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------



<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA6.1 - Recoñecer a achega das matemáticas ao progreso da humanidade e a súa contribución á superación dos retos que demanda a sociedade actual.	O criterio diferentes grados de afondamento, o mínimo é poder levar a cabo o criterio no seu nivel de máis simple de utilización de datos e as ferramentas implicadas	TI	100
CA6.2 - Xestionar as emocións propias e desenvolver o autoconcepto matemático como ferramenta para xerar expectativas positivas ante novos retos matemáticos.	O criterio diferentes grados de afondamento, o mínimo é poder levar a cabo o criterio no seu nivel de máis simple de utilización de datos e as ferramentas implicadas		
CA6.3 - Mostrar unha actitude positiva e perseverante, aceptando a crítica razoada ao facer fronte ás diferentes situacións de aprendizaxe das matemáticas.	O criterio diferentes grados de afondamento, o mínimo é poder levar a cabo o criterio no seu nivel de máis simple de utilización de datos e as ferramentas implicadas		
CA6.4 - Colaborar activamente no traballo en equipo, respectando diferentes opinións, comunicándose de maneira efectiva, pensando de forma crítica e creativa e tomando decisións e xuízos informados.	O criterio diferentes grados de afondamento, o mínimo é poder levar a cabo o criterio no seu nivel de máis simple de utilización de datos e as ferramentas implicadas		
CA6.5 - Participar na repartición de tarefas que deban desenvolverse en equipo, achegando valor, favorecendo a inclusión e a escoita activa, asumindo o rol asignado e responsabilizándose da propia contribución ao equipo.	O criterio diferentes grados de afondamento, o mínimo é poder levar a cabo o criterio no seu nivel de máis simple de utilización de datos e as ferramentas implicadas		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Crenzas, actitudes e emocións.</li> <li>- Fomento da curiosidade, da iniciativa, da perseveranza e da resiliencia cara á aprendizaxe das matemáticas.</li> <li>- Recoñecemento das emocións que interveñen na aprendizaxe como a autoconciencia e a autorregulación.</li> <li>- Desenvolvemento da flexibilidade cognitiva para aceptar un cambio de estratexia cando sexa necesario e transformar o erro nunha oportunidade de aprendizaxe.</li> <li>- Traballo en equipo e toma de decisións.</li> <li>- Técnicas cooperativas para optimizar o traballo en equipo e compartir e construír coñecemento matemático.</li> <li>- Condutas empáticas e estratexias de xestión de conflito.</li> <li>- Inclusión, respecto e diversidade.</li> <li>- Promoción de actitudes inclusivas e aceptación da diversidade presente na aula e na sociedade.</li> <li>- Recoñecemento da contribución das matemáticas ao desenvolvemento dos distintos ámbitos do coñecemento humano desde unha perspectiva de xénero.</li> </ul>

## 4.1. Concrecións metodolóxicas

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe son a base nas que se asenta a metodoloxía a seguir nesta proposta didáctica para que sexa activa e participativa. Utilizaranse distintas metodoloxías buscando a acción educativa máis axeitada en función do momento e contidos a tratar, e que ademais sirvan para atender os distintos ritmos de aprendizaxe.

### PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

**Aprendizaxe significativa:** por distintos medios obteremos información das ideas previas que posúe o alumnado, para que partindo deste coñecementos, cada alumno poida enriquecer, modificar e reorganizar os seus esquemas cognitivos.

**Aprendizaxe crítica:** fomentárase a reflexión persoal sobre o proceso de aprendizaxe, de xeito que o alumnado poida valorar o seu progreso e corrixir os erros cometidos.

**Aprendizaxe cooperativa:** promoverase a colaboración e cooperación entre o alumnado, para que así sexan conscientes das vantaxes de intercambiar información, unir esforzos e do apoio mutuo.

### MÉTODOS DE ENSINANZA

Os principios dos que falamos anteriormente sérvenos de base para o proceso de ensino, pero non describe de maneira precisa e concreta como ensinar, de que forma organizar a aula e ao alumnado, que métodos poñer en práctica... A continuación pasamos a detallar máis este aspecto presentando diferentes métodos para o ensino dos contidos propostos nesta programación didáctica.

#### Métodos expositivos

Fronte á mera transmisión de contidos (lección maxistral) buscarase a interacción co alumnado (lección comunicativa), buscando que se impliquen mediante intervencións espontáneas (ou provocadas pola persoa docente) de forma ordenada.

#### Métodos demostrativos

A diferenza deste tipo de métodos con respecto aos métodos expositivos radica en que a información se centra na explicación de exemplos prácticos que serven de modelo para a resolución de tarefas posteriores. En xeral, nas sesións introductorias dos diferentes contidos combinaráanse métodos expositivos e métodos demostrativos.

#### Método interrogativo

As preguntas son a forma de aprendizaxe a través da cal se trata de implicar ao alumnado. Pode haber preguntas introductorias que nos guíen no desenvolvemento dun contido ou preguntas concretas que aparezan nas diferentes situacións problemáticas propostas do tipo: Que ocorre se cambiamos estas condicións nun problema determinado? As preguntas son a guía da aprendizaxe e ir respondéndoas lévanos a traballar os contidos e a acadar os obxectivos da materia.

### TIPOS DE ACTIVIDADES

As actividades son os medios nos que toman forma os principios metodolóxicos nos que se basea esta proposta didáctica e concretan os métodos didácticos. Temos varios tipos de actividades e tarefas, en función do momento no que se levan a cabo e da intención educativa que teñan.

#### Actividades iniciais

A súa finalidade é coñecer as ideas previas do alumnado e ser unha motivación de cara a aprendizaxe dos contidos que se van desenvolver a continuación.

#### Actividades de desenvolvemento

Son as tarefas que serven para traballar os novos contidos. Deben ser inicialmente máis estruturadas e guiadas para adquirir a base que permita realizar máis adiante actividades menos estruturadas e menos pautadas.

#### Actividades de reforzo e ampliación

Ante a realidade da existencia de diferentes ritmos de aprendizaxe e capacidades do alumnado faise necesario propoñer actividades de reforzo para traballar os contidos básicos e ademais débense propoñer actividades de

ampliación para propoñer contidos relacionados coa unidade pero non pensados para todo o alumnado.

#### Actividades de avaliación

Calquera actividade pode ser avaliada aínda así, poden programarse actividades que especificamente teñan esa función avaliadora. Son, por tanto, actividades nas que se tratan os contidos e os criterios de avaliación que se queren valorar.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto. Proyecto "Construyendo mundos" de Santillana
Actividades de consolidación
Actividades de reforzo
Actividades de ampliación
Caderno
Software específico (follas de cálculo e Geogebra)
Recursos do centro (sala de informática,...)

O alumnado traballará principalmente na aula recorrendo as actividades do libro e as preparadas pola profesora segundo a necesidade concreta do proceso de ensinanza-aprendizaxe.

En ocasións utilizarase a sala de ordenadores do centro para poder levar a cabo actividades con software específico da materia de matemáticas.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Dende o principio do curso farase unha observación do grupo mediante preguntas, cuestións, exercicios e actuacións que se consideren oportunas. Despois dun tempo prudente, se se considera necesario para completar a observación, farase unha avaliación inicial que será valorada numericamente pero non será tida en conta para a nota da primeira avaliación. A partir dela deseñaranse medidas individuais ou colectivas para o alumnado que o precise.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>13</b>	<b>14</b>	<b>5</b>	<b>11</b>	<b>11</b>	<b>9</b>	<b>5</b>	<b>5</b>	<b>7</b>	<b>20</b>
<b>Proba escrita</b>	80	100	100	100	100	100	100	100	100	0
<b>Táboa de indicadores</b>	20	0	0	0	0	0	0	0	0	100

<b>Unidade didáctica</b>	<b>Total</b>
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	<b>77</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	<b>23</b>

#### **Criterios de cualificación:**

A cualificación do alumnado en cada unha das avaliación será da seguinte forma:

- Un 80% corresponderase con probas escritas realizadas dos temas incluídos na avaliación, un 20% restante se corresponde coa unidade 10 que é transversal a toda a materia e se traballa ao longo do curso e ten unha avaliación que se realiza mediante táboa de indicadores. Os criterios de avaliación que lle corresponden teñen que ver co sentido socioafectivo do currículo e valoran o xeito de encarar a materia e o traballo.
  - En cada avaliación realizaranse polo menos dúas probas escritas. Estas probas escritas terán que realizarse seguindo a normativa que o profesorado indique para cada unha delas.
  - Nas probas escritas, a ausencia de explicacións na solución repercutirá negativamente na súa valoración, podendo chegar a ter unha puntuación de cero se só se aporta a solución numérica sen ningunha explicación, posto que impide a valoración axeitada dos criterios de avaliación. Recíprocamente, aínda que o resultado non sexa correcto, terase en conta o desenvolvemento nos exercicios.
  - Se se realizaran nalgunha avaliación exames parciais e un global, a nota correspondente á parte das probas escritas será a media ponderada entre a nota media dos exames parciais, que pesará un 60%, e a nota do exame global, que pesará un 40 %.
  - A nota de cada avaliación será un valor entre 1 e 10 con dúas cifras decimais. Esta nota con decimais será a que se use para o cálculo da media aritmética das tres avaliacións que será a nota da avaliación final. Como os boletíns de notas só permiten a introdución dun número enteiro, nos boletíns informativos de cada unha das avaliación a nota que apareza será o truncamento da nota da avaliación e no boletín final será o redondeo da media aritmética das notas de cada avaliación.
- Para superar a materia a nota final deberá ser igual ou superior a 5.

#### **Criterios de recuperación:**

Criterios de recuperación.

Ao longo do curso o alumnado terá a posibilidade de recuperar aquelas avaliacións que suspenda.

- No caso da 1ª e a 2ª avaliación se realizará mediante unha proba escrita. A nota desta proba escrita, en caso de mellorar a nota das probas escrita da avaliación a recuperar, pasará a reemplazar o valor da nota das probas escritas na avaliación correspondente coa ponderación que lles correspondía (80%) na nota de avaliación.
  - O alumnado que suspenda só a 3ª avaliación terá a oportunidade de recuperala cos mesmos criterios que os indicados no punto anterior para as recuperacións da 1ª e 2ª avaliación.
  - En xuño, o alumnado que teña unha ou varias avaliacións suspendas terá unha nova oportunidade de recuperar a materia, habendo dous casos a considerar:

- En caso de ter só unha avaliación suspensa, terá un exame desa avaliación. A nota desta proba escrita, en caso de mellorar a nota das probas escritas da avaliación a recuperar, pasará a reemplazar o valor da nota das probas escritas na avaliación correspondente coa ponderación que lles correspondía (80%) na nota de avaliación.
- En caso de ter dúas ou máis avaliacións suspensas terá un exame global do curso. En caso de obter neste exame unha nota igual ou superior a 5, a súa nota final será o maior valor entre 5 e o resultado da media ponderada dese exame cun 80% e o 20% da media aritmética das notas que correspondan ca parte do 20% en cada unha das avaliacións. En caso de obter nese exame unha nota inferior a 5, a nota final será o maior valor entre dita nota e o resultado da media ponderada dese exame cun 80% e o 20% da media aritmética das notas que correspondan ca parte do 20% en cada unha das avaliacións.

### 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Cando o alumnado promocioe a cursos superiores coa materia de 3º pendente, o plan de reforzo para a recuperación da materia de 3º constará de:

- a) Dous exames parciais, un xaneiro e outro en abril. Cada un deles terá un peso do 50% xa que a materia do curso anterior se repartirá entre os dous de xeito equitativo.
- b) Entrega dunha listaxe de exercicios e problemas cuxos enunciados daranse en persoa e subiranse á aula virtual do centro. Estes exercicios sumarán ata un máximo dun punto á nota do exame parcial. Ademais servirá para orientar ao alumnado do que debe preparar. Subirase á aula virtual cun mínimo dun mes de antelación á data do exame e indicárase tamén os contidos que entran en cada parcial. Esta colección de exercicios entregaranse resoltos ao profesor/a ao máis tardar o día lectivo anterior á data do exame.

Opcións para dar a materia pendente por aprobada:

- Ter unha nota de 5 ou máis en cada un dos exames parciais.
  - No caso de non superar as dúas partes, ou unha delas, dos exames parciais. En maio haberá unha nova oportunidade de recuperar a materia, ben cun exame global en caso de non ter superada ningunha das partes, ben cun exame da parte non superada nos exames parciais. Para recuperar deberá ter unha nota de 5 ou máis no exame.
  - No caso de non recuperar en maio a materia pendente, pero aprobar as matemáticas do curso que está a cursar na avaliación final, considerárase superada a materia pendente.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Para atender aos diferentes ritmos de aprendizaxe e dificultades ou casuísticas se utilizarán os seguintes recursos:

- tarefas de repaso
- actividades cooperativas que sexan integradoras e que teñan diferentes niveis de implicación e afondamento, asignando a labor a cada un acorde as súas capacidades
- adaptación de tempos, do material a entregar,...

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión da lectura e expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - O fomento do espírito crítico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - A igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.4 - A creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Valoración do patrimonio cultural da nosa rexión, poñendo especialmente en valor a oportunidade que temos ao ser unha rexión bilingüe	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10
ET.1 - Comprensión da lectura e expresión oral e escrita	X	X
ET.2 - O fomento do espírito crítico	X	X
ET.3 - A igualdade de xénero	X	X
ET.4 - A creatividade	X	X
ET.5 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable	X	X
ET.6 - Valoración do patrimonio cultural da nosa rexión, poñendo especialmente en valor a oportunidade que temos ao ser unha rexión bilingüe	X	X

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Participación do mes da ciencia en galego	Participarase nas actividades propostas polo centro e por diferentes organismos en novembro co motivo do mes da ciencia en galego, entre elas o concurso de Novos poliedros			
Saída para facer ruta matemática	Realización dun tramo do Camiño de Santiago no que se realizarán diferentes actividades relacionadas co tramo que se está realizando e as matemáticas			

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuación dos diferentes procedementos e instrumentos de avaliación son eficaces
Metodoloxía empregada
Incorporación das novas tecnoloxías ao proceso de ensino-aprendizaxe de maneira efectiva
Ofrecemento ao alumnado de forma rápida do resultado das probas
Atención adecuada á diversidade do alumnado
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Idoneidade das actividades propostas para acadar as aprendizaxes
Participación activa de todo o alumnado
Medidas de atención á diversidade
Adecuación do nivel de dificultade ás características do alumnado. Facilitación do proceso de visualización, revisión e integración dos erros cometidos por parte do alumnado
Facilitación a cada alumna/o a axuda individualizada que precisa
Clima de traballo na aula
Combinación do traballo individual e en equipo de xeito eficiente
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Información do proceso de ensino-aprendizaxe ao alumnado, persoa titora e familias
Implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación

### Descrición:

Estes indicadores de logro establecidos valoraranse en catro niveis do xeito que segue: excelente/conseguido/mellorable/non acadado. No caso de non lograr o nivel de excelente farase unha reflexión para indicar pautas de mellora

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O procedemento de revisión e avaliación da programación didáctica será realizada polas persoas docentes implicadas no desenvolvemento da materia deste curso. Analizaranse fundamentalmente adecuación da secuenciación e da temporalización, o logro dos mínimos de consecución establecidos para os diferentes criterios de avaliación e a adecuación dos procedementos de recuperación establecidos para as diferentes avaliacións, no período entre a avaliación ordinaria e a avaliación extraordinaria e para o alumnado con materias pendentes.

## 9. Outros apartados